

# Idade de ouro da Costa da Morte

MODESTO FRAGA

**D**ICÍA o polifacético escritor ourensán Xosé Vázquez Pintor que unha xeración nace cada certo tempo para afirmarnos na perseverancia. E, obviamente, a opinión do estudioso poeta é totalmente compartida polo arriba asinante partindo da premisa de que a perseverancia evoca esforzo, constancia e colaboración. Tres conceptos básicos no devir de toda iniciada empresa con miras á construción de algo importante e creativo.

A historia amósanos poucas, pero importantes xeracións que a literatura tivo a ben encunbrar no seu seo, e xa de paso achegar ao grande público. Sabemos da laureada Xeración do 27, con nomes tan ilustres como Lorca, Dámaso, Cernuda, Alberti e outros que se me escapan. Pouco antes, o 98 xa encumbra- ra as voces dos Machado, Unamuno e Juan Ramón Jiménez. En Galicia, o Rexurdimento inmortalizara a lírica de Pondal, Curros, Murguía e a da insquencible Rosalía, por citar ós de máis sona, que non os únicos. Estes preludiarían o paso á fértil vanguarda galega abandeirada por Manuel Antonio e Cunqueiro, namentras no sur, en terras alacantinas Miguel Hernández firmaba a do 36. De volta a Galicia, o grupo Brais Pinto ensalza a Ferrín, Cribeiro e Bernardino, que, ó mesmo tempo, delegan nos «novísimos» Fernán Vello, Ramiro Fonte e Baixeras, últimas xeracións en pé de guerra.

Pero de todas e quizáis a de

maior renome universal foi a xurdida nos séculos XVI e XVII, máis coñecida como a do Século de Ouro dos Cervantes, Quevedo, Góngora, Lope ou Calderón.

Esa inolvidable xeración que a tantas criaturas de tan diversas épocas ten afundido nas letras conceptistas, cervantinas ou culteranistas. Esa mesma estirpe que hoxe, case catro séculos despois, vese seriamente ameazada, ou o que é peor, ensombrecida, polas novas voces doutra Idade de Ouro, a dos poetas da Costa da Morte. Para mostra aí están o Nacional de Narrativa de Manolo Rivas, o Garcés de Estevo Creus, os Pedróns de Ouro de Miro Villar, o Espiral Maior e o Bouza Brey de Rafael Lema e Rafa Villar, respectivamente, o Rosalía de Castro de Alexandre Nerium ou os Minerva de María Canosa e David Creus, os Fernández del Riego de Mónica Góñez e un sinfín máis de premios.

## Épocas

En fin, que esto das xeracións vai e ven por épocas, e esta é a nosa. Unha estirpe que nace paulatinamente de entre as ondas bravas de Fisterra e o abrazo cálido da enseada do Pindo. E aínda hai quen non se entera. Unha mágoa, sí. Haber se polo menos hai alguén que ten en conta estes acontecementos, que non por raros desmerecen. E é que esto das xeracións, tristemente, ocorre só, cando menos, de cen en cen anos.